




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Pontedeume. Parroquia: Santiago de Pontedeume, no extremo E; San Miguel de Breamo, no S, parte alta do monte; Santa María de Centroña na costa central e O. Extensión: 1,45km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade de forte pendente (poden superar o 50%) asentada na ladeira setentrional do Monte Breamo, que acada os 305m a só 1,5km da liña de costa. Só o arroio de Centroña suca e irregulariza a maciza vertente.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade pertencente ao Dominio da "Serie de Ordes", composto por materiais metamórficos, xistos e cuarzoquistos, de idade precámbrico-silúrica. Aparecen bandas meridiana de anfibolita antehercínicas e unha de cuarcitas grafitosas.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente costeira pertencente ao dominio climático Cálido e Subhúmido onde a precipitación acumulada anual non supera os 1200mm e a temperatura media acada valores por riba dos 14°C. A oscilación térmica media anual é inferior a 13,5°C.

OS SOLOS

A maior parte da unidade presenta umbrisois dístricos, agás a súa parte oriental, na que aparecen desenvolvidos cambisois eútricos.


AS AUGAS

Unidade sen rede fluvial significativa formada por unha vertente que desauga na zona de contacto entre as masas de Augas Costeiras da Ría de Ares e Betanzos (20096) e as Augas de Transición do esteiro do Eume (20470).

O PATRIMONIO NATURAL

Costa acantilada co hábitat 1230, de cantís con vexetación das costas atlánticas, moi modificada pola presión antrópica. Tamén se desenvolve o hábitat 1210, "Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados" O 1210 aparece na de plataforma rochosa e praias de pé acantilado, froito da dinámica deste. Preto do fondo do esteiro, destacan como hábitats os das chairas intermareais e submareais areosas e lamacentas (1110 e 1140). No interior cómpre subliñar a presenza de grandes masas mixtas (unhas 17ha na unidade) nas que eucaliptos e piñeiros se mesturan coas frondosas autóctonas, procedentes de carballeiras e soutos costeiros, 9230-9260.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Nesta unidade cobran especial relevancia as masas arbóreas, tanto as que se atopan nas ladeiras como as da fronte litoral. Nas ladeiras do Monte Breamo aparece unha vexetación densa de eucaliptos e piñeiros que se mesturan coas frondosas autóctonas, procedentes de carballeiras e soutos costeiros, alternándose con matogueiras de substitución. Esta mesma presenza forestal atópase no Coto de Montillos (límite oriental da unidade), servindo tamén para encadrar visualmente o conxunto. As terras de cultivo, que aproveitan as áreas de menor pendente nos pés de ladeira, viron reducida a súa extensión ao longo do tempo, quedándose limitadas a estreitas franxas de terra paralelas ao litoral coa presión dos novos fenómenos de crecementos residenciais difusos, especialmente ao redor da estrada.

MORFOLOXÍA

O núcleo de Centroña, aínda que é cabeza da parroquia de Santa María de Centroña, foi sempre un núcleo de menor entidade en comparación con outros asentamentos próximos. É o único asentamento tradicional desta unidade (xunto cos casaríos menores de Allón), e nel aséntanse os equipamentos máis importantes, a igrexa e cemiterio parroquiais, representando así aos núcleos rurais deste tramo de costa, o que levou á súa consideración como Núcleo de Identidade Litoral. Áchase situado a media ladeira, próximo á costa e orientado ao norte, e apoiou o seu escaso crecemento na estrada C-4803. Os crecementos residenciais que recentemente se desenvolveron cara ao norte, formalizan unha fronte continua ao longo da mesma estrada. No bordo este da unidade figuran edificacións de carácter urbano que se corresponden cos ramais montañosos do núcleo de Pontedeume.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-4803 percorre a unidade paralelamente á costa (aproximadamente a uns 150-200 metros desta), adaptando o seu trazado ás características do terreo. O camiño que saía do casarío de Allón até o núcleo de Castelo foi modificado e, aínda que se apoia nun camiño tradicional que discorría entre terreos de cultivo, converteuse nunha pista asfaltada de certa entidade. A liña de ferrocarril, seguindo a súa lóxica de implantación, atravesa a unidade paralelamente á costa, entre esta e a estrada C-4803, en certos tramos moi próxima ao mar (a menos de 50 metros).

PATRIMONIO HISTÓRICO

Centroña é unha vila de orixe romana, como así testemuñan os restos dunha sala pavimentada con mosaicos (que puido ser unha galería con pórtico aberta ao mar), exhumados en 1951 por J. Luengo. Consérvanse ademais en Centroña a Igrexa Parroquial de Santa María e un Cruceiro de especial relevancia escultórica, así como unha fonte-lavadoiro en Allón. Por outra parte, se atopa nesta unidade a Igrexa de San Miguel de Breamo (BIC), no monte do mesmo nome, importante igrexa románica construída en 1187 que pertenceu a un convento de agostiños abandonado no século XVI, e que é o destino da romaría de San Miguel, unha das máis celebradas no municipio de Pontedeume.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade paisaxística desenvólvese ao longo da ladeira norte do Espazo de Interese Paisaxístico do Monte Breame, que cae en forte pendente cara ao litoral, e inclúe a pequena valgada que forma o arroio de Centroña. Unidade limitada na parte occidental polo Coto de Montillos e no seu extremo oriental pola periferia do núcleo de Pontedeume. Teñen especial presenza as masas boscosas, tanto de eucaliptos e piñeiros como de frondosas autóctonas, xa que a maioría do ámbito desta unidade é unha ladeira. Ao longo da fronte de costa, na franxa dos 200 aos 500 metros de profundidade, os usos agrícolas alternanse coa localización de asentamentos de poboación e disposición de infraestruturas de comunicación, nunha zona na que a pendente é sensiblemente menor.

DINÁMICA DA PAISAXE

As dinámicas que historicamente seguiu esta paisaxe son as habituais que acontecen en territorios nos que a actividade agrícola vai sendo abandonada, e substituída progresivamente polas masas forestais e o bosque de repoboación. Aumentouse de xeito significativo a superficie forestal e de pasto, especialmente na parte oriental (na zona coñecida como Fonte dos Polos), onde toda a área, que antes se cultivaba en terrazas entre as cotas 75 e 150, se converteu en bosque de repoboación. Actualmente, e de igual modo que acontece todo ao longo da costa oriental de Pontedeume, está a darse un fenómeno de urbanización dispersa que se apoia nas vías de comunicación (entre os asentamentos de Centroña e Allón, paralelo á C-4803) e caracterizado por un consumo elevado de solo, falta de compacidade e unha predominancia da tipoloxía de residencia unifamiliar illada.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase en conxunto dunha paisaxe moderadamente transformada, no que destacan polo seu especial valor os sistemas acantilados da fronte litoral (coa súa plataforma rochosa, as praias a pé de cantil e a vexetación das costas atlánticas que a coroa), así como as masas arbóreas das ladeiras do Monte Breame, que combinan frondosas autóctonas (procedentes de carballeiras e soutos costeiros) con densas masas de piñeiros e eucaliptos. Precisamente, considerouse como Espazo de Interese Paisaxístico ao Monte Breame, pois cos seus 300 metros de altitude constitúese nun fito visualmente identificable, desde o cal se comprende a organización desta paisaxe e a súa relación co Golfo Ártabro, á vez que o pon en relación coa costa de Ares. Ademais acolle elementos patrimoniais de elevado valor como a igrexa románica de San Miguel de Breame e figura no imaxinario colectivo como destino da romaría do mesmo nome. O Coto de Montillos, o outro punto elevado da unidade (125 metros sobre o nivel do mar) permite tamén a percepción transversal da paisaxe, abarcando a valgada do arroio de Centroña.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



